



Luísa Martínez Lorenzo é doutora en Ciencias do Mar. Durante unha década dedicouse á investigación oceanográfica ata que, no ano 2007, decidiu redirixir a súa carreira profesional cara á comunicación social da ciencia.

Desde entón é a responsable da Unidade de Cultura Científica (UCC) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en Galicia.

Deseña, coordina e participa en accións de divulgación dirixidas a públicos moi diversos e a presentar os contidos científicos dun xeito atractivo e accesible para quen non están especializados neste ámbito, o que constitúe unha parte moi importante do seu traballo.

Encántalle debuxar e, hai tempo, fixo un máster en Álbum Infantil Ilustrado. Desde aquela non deixou de traballar e desenvolver a idea deste libro que agora tes nas mans.